



FENE

Gumersindo Galego Feal, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

Xustificación da urxencia

O pasado fin de semana o concello de Fene estivo sin servicio de Policía, coincidindo coa celebración da Feira Medieval. O concello de Fene conta con case 15000 habitantes o que se lle suma o acontecemento festivo organizado polo goberno municipal que trouxo a veciños doutros concellos.

A insidiosa actuación do concelleiro de Policía, sen medir as consecuencias que poderían ter acontecido, e consecuentemente producir responsabilidades para o propio concello, son os motivos que xustifican urxencia de esta moción.

Exposición de motivos

A feira medieval ou Feira Franca de Fene era un acto previsto, por tanto necesario era contar cun plan de seguridade e emerxencias. A primeira pregunta que se plantexa é si este plan está elaborado, e se non o hai porqué non se fixo.

Alegan os responsables do goberno que esta situación foi provocado porque o personal encargado deste servicio pediu os días por asuntos propios, que foron solicitados ó concelleiro delegado de Policía contestando de forma positiva, tal e como se recolle nos escritos de entrada do Rexistro Municipal, polo que o Sr. Alcalde sí era conocedor de que Fene quedaba sen prestar este servicio os veciños e visitantes.



FENE

Ante este feito e tendo constancia que tanto o Alcalde como o concelleiro responsable da área eran concededores de que o venres e o sábado pola tarde así como o domingo en todo o día non había axentes para cubrir este servizo, porqué autorizaron os días. Reviste de tal gravidade o acontecido durante a fin de semana que nos plantexa a duda de que fará este goberno cando sexa o personal doutro servizo municipal o que pida os días alegando os mesmos motivos, é dicir asuntos propios, producíndose igualmente a inactividade dese servizo, pensemos por exemplo no servizo de recollida do lixo, como vai xustificar ante os veciños a concesión destes permisos, ou polo contrario denegara estes permisos, e neste caso cales serán as razóns que transmitirá os traballadores.

Infomarlle o Sr. Alcalde que os días por asuntos pessoais poden denegarse por razóns de servizo, e que mellor razón é a de quedar ser policía que o cubran.

Certo tamén que non se poden negar os asuntos pessoais de forma sistemática alegando razón de servizo, pois non se pode considerar a escasez de plantilla como un motivo para denegalos, sería este un problema de goberno local.

O alcalde manifesta nos medios de comunicación que todo se debe a “unha coincidencia de baixas, vacacións e días propios”, que había un operativo especial e que “en caso de que ocorra algo se avisará por suposto aos axentes, que se terán que incorporar de inmediato”. Todo iso non é máis que outra mentira para intentar tapar unha negligencia que puido ter consecuencias muy graves. Como pode explicarse que nin o alcalde nin o concelleiro sepan que numeros de axentes están operativos dentro da plantilla? Queremos convencer o goberno local que a plantilla da policía estaba esperando a chamada do alcalde por si fora necesaria a súa presenza? Todo é mentira.



FENE

Por todo o anterior, se insta ó Pleno do Concello de Fene a adoptar os seguintes acordos:

Que se de conta do acontecido e cales foron a causas que motivaron que o concello non dispuxera de axentes de policía.

Pedir a dimisión do Alcalde considerandoo como o máxime responsable do acontecido o pasado fin de semana, e de non considerarse así, que o Alcalde destitua ó concelleiro responsable da área por incompetencia e falta de previsión, actuando con total desidia e irreponsabilidade.